

# Elaboración do Plan Dixital

[Resolución do 3 de setembro de 2021](#), da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan [instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes](#) sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma

Información centralizada: <https://www.edu.xunta.gal/portal/competenciadixital>

Información sobre SELFIE: [Configuración SELFIE](#) (Emma Janeiro - CFR Vigo)

Resumo das competencias dixitais ([enlace](#) - CFR Pontevedra)

[Resolución do 7 de setembro de 2021](#) pola que se seleccionan, con carácter experimental, os centros docentes públicos que constituirán a [Rede Galega de Educación Dixital](#), para o curso 2021-2022

## Obxectivo

O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital é **mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado** e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do **desenvolvemento da competencia dixital do profesorado** -tanto individual como colexiada- e da **transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes**.

## Equipo dinamizador do Plan Dixital de centro

Aqueles centros con menos de 8 unidades (Régime especial ou de adultos con menos de 8 docentes) non precisan ter nomeado equipo dinamizador, recaendo a responsabilidade da elaboración do plan nunha persoa do equipo directivo.

Nos outros casos o equipo dinamizador estará formado por: **Director/a** ou persoa en quen delegue do equipo directivo, **coordinador do Plan Dixital**, outras persoas si así se considera.

NOTA: O itinerario formativo dentro do PFPP (obligatorio) establece que como mínimo debe haber un GT de 20 horas. Isto implica que debe haber un equipo de tres participantes.

## Procedemento

1. [Análise da situación do centro](#).
  - a) Informe [SELFIE](#).
  - b) [Test CDD](#) (Competencia Dixital Docente, realizado como mínimo polo 20% do profesorado).
2. [Diagnose de situación do centro](#).
  - a) DAFO (informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) a partir do resultado proporcionado polo Informe SELFIE.
  - b) Partindo do Informe Individual do test CDD planificar a formación persoal do profesorado para acadar a competencia dixital docente.
3. [Elaboración do Plan Dixital \(Apartados\)](#)
  - a) **Introdución.**
  - b) **Situación de partida.**
    1. *Infraestrutura: equipamento tecnolóxico, conectividade, plataformas e servizos dixitais, mantemento dispoñibles, entre outras*

2. *Liderado e gobernanza (protocolos do centro, aspectos organizativos, procesos de comunicación)*
3. *Funcións e responsabilidades*
4. *Procesos de ensino e avaliación*
5. *Procesos formativos en competencia dixital docente*
6. *Mapa de activos: recursos, persoas, institucións e/ou administracións que poidan contribuír aos obxectivos do plan*
7. *Resultados so SELFIE*
8. *Resultados do CDD*

**c) Plan de actuación.**

1. Obxectivos (e indicador para cada un deles)
2. Accións ou actuacións definidas para acadar cada obxectivo.

**d) Avaliación do plan.**

**e) Difusión do Plan.**

**4. Aprobación por parte do consello escolar**

- a) A finais do actual curso.

**5. Implementación do plan**

- a) No vindeiro curso.